

PLAN ANUAL

DEPARTAMENTO DE

ORIENTACIÓ

N

Desde o Departamento de Orientación do IES CASTELAO asumimos que a orientación forma parte da dinámica da actividade educativa, sendo un proceso esencial que se desenvolve dun modo continuo, que inclúe a todas as idades e niveis educativos e que implica a intervención de todos os profesionais do centro.

Como tal proceso ten ademais un carácter sistémico, pois non é posible considerar illadamente un problema ou situación sen ter en conta a súa incidencia sobre a persoa na súa totalidade. Deste xeito, aínda que o destinatario último da intervención psicoeducativa é o alumnado, na medida en que se trate de atender a súa evolución cognitiva, afectiva e social, parte da tarefa orientadora inclúe a aquelas persoas, elementos ou situacións que inciden nestes procesos: profesorado, familia, centro e contorno social.

Considerando o contexto anterior, cabe dicir que xunto a outras funcións da intervención educativa, o labor preventivo garante ao longo do tempo a seguridade de conseguir cotas máis elevadas de calidade educativa, polo que os profesionais deste campo somos conscientes da importancia de posibilitar recursos persoais e materiais que fagan posible a posta en marcha de programas preventivos.

A orientación desde o punto de vista do alumnado concíbese como un dereito que se concreta nun conxunto de servizos e actividades que o sistema educativo debe ofrecer. O eixo básico do seu desenvolvemento constituiríao a función titorial.

As referencias básicas á **orientación** desenvólvense na **LOXSE** e noméanse no:

- Preámbulo, onde se considera parte da función docente.
- Título Preliminar, art. 2, 3, que a valora como un dos principios aos que debe atender a actividade educativa.
- Título IV, art. 55 e 60 que se refiren á mesma como un factor favorecedor da calidade da ensinanza.

Na **LOE** as tarefas da orientación recóllense no:

- **Título Preliminar, artigos 1 e 2** que a contempla como *“un medio necesario para o logro de unha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores”* (Artigo 1.f).

Tanto a LOE como a LOMCE establece:

- “A existencia de servizos ou profesionais especializados na orientación educativa, psicopedagógica e profesional” **(Artigo 157.h)**

Na comunidade Autónoma de Galicia o Decreto 120 /1998 regula a orientación educativa e profesional, e a Orde do 24 de xullo de 1998 establece a organización e funcionamento da orientación.

Por outra banda as Circulares 17/2006 e 18/2007 e a última 10/2010 da Dirección Xeral de Centros dita instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na CCAA de Galicia.

Este Plan Anual de traballo segue as indicacións do Capítulo II, sección terceira, artigo 15º da Orde 24 de xullo de 1998 e parte desta filosofía da Orientación Educativa, pretendendo concretala na realidade do IES Castelao.

II.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O ámbito de actuación deste departamento, abrangue os seguintes centros:

Atención directa: IES Castelao.

ESO: 12 unidades + 2 grupos de PMAR

Bacharelato: 14 unidades

Módulos ESA: 2 unidades

Centros adscritos:

CEIP O POMBAL, CEIP A DOBRADA e CPR ATALAYA-CANTABRIA: os dous primeiros centros contan con Departamento de Orientación e orientador no centro con dedicación exclusiva. No CPR Atalaya-Cantabria é a profesora de PT quen desenvolve as funcións de orientación no centro.

O IES Castelao escolariza ao redor de 728 alumnos que distribúe nas etapas e cursos que se indican a continuación:

DIURNO (RÉXIME XERAL):

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

3 grupos de 1º

3 grupos de 2º máis un grupo de Programa de Mellora Aprendizaxe

3 grupos de 3º máis un grupo de Programa de Mellora Aprendizaxe

3 grupos de 4º

BACHARELATOS:

5 grupos de 1º

4 grupos de 2º

NOCTURNO (RÉXIME ADULTOS):

5 grupos de Bacharelato (2 de 1º Bach e 3 de 2º Bach)

ESA Nivel III

1 grupo, Módulo 3

1 grupo, Módulo 4

O departamento de Orientación no curso académico 18-19 está constituído polos seguintes membros:

-Xefa do departamento: Hermelo Iglesias, María

-Profesora de P.T.: Hervés Beloso, Ana María

-Ámbito científico-tecnolóxico: Vilasánchez Muñoz, Miguel A.

-Ámbito socio-lingüístico: Rodríguez Casal, Mª Jesús

-Orientador CEIP O Pombal: Iglesias Martínez, Paulino

-Orientadora CEIP A Dobrada: Mª Concepción Fernández Álvarez

-Orientadora CPR Atalaya-Cantabria: Pedrero Comesaña, Zaira

Cada un dos membros desenvolverá as funcións que se lle asignan na Orde do 24 de xullo de 1998.

A reunión semanal do departamento de orientación celebrarase o xoves na 4ª sesión (11:50 – 12:40). A atención individualizada ao alumnado será preferentemente nos recreos coa finalidade de non interferir no proceso ensino-aprendizaxe.

A atención ás familias terá lugar no horario de mañá para atender as súas demandas.

III.-OBXECTIVOS XERAIS

A finalidade do *Plan De Apoio Ó Ensino-Aprendizaxe, Acción Titorial, E Orientación Académico-Profesional* é conseguir un desenvolvemento integral e harmónico do alumnado que lle permita dar resposta ás necesidades e situacións de carácter persoal, educativo e profesional que vai atopando ao longo da súa vida.

Esta finalidade concrétese nos seguintes obxectivos xerais:

1. Contribuír á personalización da educación, é dicir, o seu carácter integral en coñecementos, destrezas e valores.
2. Favorecer a equidade que garante a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación.
3. Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, mediante as oportunas actuacións organizativas e curriculares.
4. Favorecer os procesos de madurez persoal, do desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores e da progresiva toma de decisións escolares e profesionais.
5. Contribuír á interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa, así como entre ésta e o contorno social.
6. Asegurar a continuidade educativa a través das distintas áreas, ciclos, etapas e as transicións dun centro a outro.
7. Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa para que se favoreza a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade e a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como o desenvolvemento de actitudes positivas fronte á diversidade multicultural.

IV.- PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS

Según a Circular 10/2010 da Consellería de Educación e O. U. priorizaránse para este curso 2015-2016 as seguintes actuacións:

► **Relacionadas coa inclusión e a diversidade:**

1. Asesorar ao equipo directivo sobre as medidas de atención á diversidade e a acción titorial.
2. Elaborar a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade para incluír no Plan Xeral Anual.
3. Elaborar e poñer en práctica programas preventivos para a detección das dificultades de aprendizaxe
4. Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumno ou alumna.
5. Asesorar a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con NEAE.
6. Prestará especial atención o alumnado con NEAE, particularmente os que descoñecen as linguas vehiculares ou de incorporación tardía ao sistema educativo.

► **Relacionadas co PAT:**

7. Diseñar e organizar programas para desenvolver os contidos planificados no PAT.
8. Colaborar cos equipos docentes na elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial.
9. Coordinar con outras institucións o desenvolvemento de programas co alumnado do centro.
10. Incorporar no PAT contidos relacionados con habilidades sociais, resolución de conflitos, autoestima, educación afectivo-sexual, igualdade de xénero, uso adecuado de redes sociais e novas tecnoloxías, prevención de dogodependencias e outras adiccións...etc.
11. Proporcionar ao profesorado titor soporte impreso e software que faciliten o desenvolvemento das sesións de titoría.

► **Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade:**

12. Poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos
13. Mellora da convivencia a través do desenvolvemento de valores tales como a solidariedade, a tolerancia, xustiza, multiculturalidade e desenvolvemento sostible

► **Relacionadas co drdororienta:**

14. Facilitar a información que se demanda no drdororienta

► **Relacionadas co POAP:**

15. Prestar especial atención aos momentos de transición académica ou ao mundo laboral, asesorando ao alumnado e ás familias
16. Informar á comunidade sobre a inserción profesional, as oportunidades do mundo laboral...
17. Asesorar sobre a formación ao longo da vida para a mellora profesional, prestando especial atención ás persoas adultas.
18. Promover medidas tendentes á diminución do absentismo escolar e o abandono temperá dos estudos.
19. Informar e asesorar ao alumnado e as súas familias sobre as diferentes opcións ao remate da ESO e dos Bacharelatos.
20. O emprego das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.

► **Relacionadas coa circular 8/2009:**

21. Asesorar sobre as medidas de atención á diversidade nas áreas instrumentais básicas e os programas de habilidades sociais.

V.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Este Plan desenvolverase en 3 ámbitos de actuación que están interrelacionados:

1. APOIO Ó PROCESO ENSINO-APRENDIZAXE
2. PLAN ACCIÓN TITORIAL
3. PLAN ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

1. APOIO Ó PROCESO ENSINO-APRENDIZAXE

-Centro:

-Participar na Comisión de Coordinación Pedagóxica, especialmente nos aspectos psicopedagóxicos e metodolóxicos.

A partir do PXAD elaborar a proposta de concreción anual.

-Profesorado:

-Asesorar ao profesorado sobre criterios metodolóxicos que poidan previr posibles dificultades de aprendizaxe ou desenvolvemento do alumnado.

-Asesorar ao profesorado nas medidas de atención á diversidade tanto de carácter organizativo como curricular.

-Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa.

-Alumnado:

-Realizar tarefas de prevención, intervención e tratamento das dificultades de aprendizaxe mediante:

- ▶ Promover e asesorar a avaliación inicial do alumnado para coñecer o nivel de competencia curricular do alumnado.
- ▶ A avaliación psicopedagóxica do alumnado con NEAE.
- ▶ A intervención nas sesións de avaliación dos distintos grupos.
- ▶ As actividades de recuperación e reforzo.
- ▶ As adaptacións curriculares significativas.
- ▶ O Programas de Mellora, os Agrupamentos específicos e os desdobres de grupo.
- ▶ Asegurar a conexión entre as distintas etapas facilitando ao alumnado o apoio e a orientación necesaria nos momentos de máis dificultade: o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, a elección de materias optativas e itinerarios.

-Familias:

-Orientar ás familias sobre o sistema educativo e a formación profesional.

-Asesorar ás familias para que asuman de xeito responsable a educación dos seus fillos.

-Implicar ás familias nas tarefas de reforzo e recuperación dentro do proceso ensino-aprendizaxe.

2. PLAN ACCIÓN TITORIAL

4.2.1. Obxectivos:

-Centro:

- Elaborar o programa de tutorías con obxectivos, actividades, recursos e avaliación, secuenciado por trimestres.
- Incluir o plan de acción tutorial no proxecto curricular do centro consensuado por todo o equipo educativo.
- Fomentar a conexión do centro cos servizos e institucións sociais do contorno para a resolución da problemática concreta de cada alumno.

-Profesorado:

- Dirixir a reunión semanal coas titoras de 1º e 2º ESO para coordinar a acción tutorial.
- Proporcionar soporte técnico para que os titores desenvolvan as sesións de tutoría.
- Coordinar programas desenvolvidos por outras institucións de interese para a acción tutorial.
- Contribuír ao seguimento individualizado de cada un dos seus titorandos.
- Asesorar sobre programas de desenvolvemento de habilidades sociais, autoestima, igualdade, prevención de drogas, educación afectivo-sexual, mellora da convivencia, igualdade entre mozas e mozos, uso das redes e novas tecnoloxías e resolución de conflitos.
- Proporcionar recursos técnicos para a mellora da convivencia a través do desenvolvemento de valores tales como a solidariedade, a tolerancia, xustiza, multiculturalidade e desenvolvemento sostible.

-Alumnado:

- Animalos a participar activamente na vida do centro.
- Asesoralos sobre o seu futuro académico ou profesional, e na realización das tomas de decisións.
- Contribuír o seu autoconcepto positivo e valoración das súas posibilidades dentro do sistema educativo.
- Desenvolver actitudes, hábitos, estratexias e técnicas de planificación e regulación da propia actividade de aprendizaxe aprendendo a aprender.
- Promover o desenvolvemento, aceptación e adaptación persoal e social.

-Familias:

- Facilitar a comunicación fluída coa familia e impulsar a súa participación na vida do centro.
- Cooperar na relación titores-familias para a solución de problemas que afecten ós seus fillos e fillas.

3. PLAN ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

3.1. Obxectivos:

-Profesorado:

- Facilitar o coñecemento do sistema educativo e profesional, acceso, modalidades, conexións...
- Impulsar a toma de decisións profesional do alumnado mediante actividades de adestramento e autocoñecemento.
- Contemplan a dimensión práctica das áreas e as súas conexións e aplicacións ós diferentes campos profesionais.

-Alumnado:

- Realizar distintas actividades de orientación académica e profesional sobre:
 - ▶ As modalidades do bacharelato.
 - ▶ Os ciclos formativos de grao medio e superior.
 - ▶ A optatividade.
 - ▶ A Formación Profesional Básica
 - ▶ ABAU
 - ▶ Os graos, notas de acceso, materias de ponderación...
 - ▶ As ensinanzas de réxime especial
- Axudarlles no seu propio proceso de identidade persoal e toma de decisións sobre o seu futuro.
- Asesorar sobre as ofertas académicas e profesionais do contorno.

-Familias:

- Orientar ás familias sobre as distintas opcións académicas e profesionais do sistema educativo.
- Informalos sobre as posibilidades que oferta o contorno para os seus fillos/as.
- Pedirlles a súa colaboración no proceso de orientación e toma de decisións dos seus fillos.
- Asesorar ás familias do alumnado con NEAE das posibilidades de inserción profesional de que dispoñen.

ACTIVIDADES	ASPECTOS A DESENVOLVER	AXENTES DE REALIZACIÓN	CRONOGRAMA
Xornada de acollida	PAT	TITORES	1º TRIMESTRE
RRI, Dereitos e deberes, Normas de Funcionamento	PLAN APOIO E-A	TITORES	1º TRIMESTRE
Avaliación Inicial do alumnado	PLAN APOIO E-A	PROFESORADO, X.E, ORIENTACIÓN	1º TRIMESTRE
Seguimento e revisión das actividades a realizar co alumnado obxecto de MAD	PLAN APOIO E-A	PROFESORADO, X.E, ORIENTACIÓN	TODO O CURSO
Asesoramento na elaboración ACS	PLAN APOIO E-A	PROFESORADO, X.E, ORIENTACIÓN	TODO O CURSO
Sesións de avaliación e medidas a adoptar	PLAN APOIO E-A	PROFESORADO, X.E, ORIENTACIÓN	TODO O CURSO
Posta en marcha, seguimento e avaliación do Programa de Mellora Aprendizaxe e do Rendemento	PLAN APOIO E-A	PROFESORADO, X.E, ORIENTACIÓN	TODO O CURSO
Posta en marcha, seguimento e avaliación dos Agrupamentos Específicos en 1º e 2º ESO	PLAN APOIO E-A	PROFESORADO, X.E, ORIENTACIÓN	TODO O CURSO
Posta en marcha, seguimento e avaliación dos desdobres en lingua e matemáticas en 1º e 2º ESO	PLAN APOIO E-A	PROFESORADO, X.E, ORIENTACIÓN	TODO O CURSO
Posta en marcha, seguimento e avaliación dos Agrupamentos Flexibles en lingua estranxeira en 1º ESO	PLAN APOIO E-A	PROFESORADO, X.E, ORIENTACIÓN	TODO O CURSO
Reunións colectivas informativas coas familias (ESO e BACH)	TODOS	ORIENTACIÓN	1º e 3º TRIMESTRE
Prevenção de riscos no uso das novas tecnoloxías	PAT	TITORES, ORIENTACIÓN, PLAN DIRECTOR	3º TRIMESTRE

Autocoñecemento do alumnado 4º ESO e 2º Bach: intereses, motivación, expectativas, aptitudes, coñecemento do sistema educativo...	PLAN O. ACADÉMICO-PROFESIONAL	TITORES, ORIENTACIÓN	2º e 3º TRIMESTRE
Coñecemento do mercado laboral, saídas profesionais, Monografías profesionais, oferta de graos, charlas e conferencias , oferta ciclos	PLAN O. ACADÉMICO-PROFESIONAL	TITORES, ORIENTACIÓN	2º e 3º TRIMESTRE
Optatividade no sistema educativo: asesoramento e toma de decisións	PLAN O. ACADÉMICO-PROFESIONAL	TITORES, ORIENTACIÓN	2º e 3º TRIMESTRE
Proposta do PAT por niveis na ESO. Asesoramento e soporte técnico aos titores	PAT	TITORES, ORIENTACIÓN	TODO O CURSO
Coordinación cos centros adscritos, Xornada de Acollida	TODOS	ORIENTACIÓN	TODO O CURSO
Plan preventivo de consumo de drogodependencias	TODOS	ORIENTACIÓN	TODO O CURSO
Obradoiros de afectividade e sexualidade: QUÉROTE +	TODOS	ORIENTACIÓN	TODO O CURSO
Plan Director	TODOS	ORIENTACIÓN	TODO O CURSO
Obradoiro de igualdade: MOZAS E MOZOS CAMBIANDO OS ESTEREOTIPOS.	TODOS	ORIENTACIÓN	1º TRIMESTRE
PROINFANCIA “ Obra social La Caixa”	TODOS	ORIENTACIÓN	TODO O CURSO
Obradoiro de Habilidades Sociais e Resolución de Conflitos	TODOS	ORIENTACIÓN, TITORAS, ALICCE	1º TRIMESTRE

V I.-RECURSOS PARA A EXECUCIÓN DO PLAN

a.- Humanos:

- Titores
- Departamento de Orientación
- Equipo directivo
- Profesorado de apoio ao alumnado de NEAE
- Equipo Orientación Específico
- Plan local de prevención de drogodependencias, Plan Director
- Profesorado da USC e da U Vigo.
- Programas do Concello de Vigo
- Programa PROINFANCIA da Obra Social La Caixa
- Servizos sociais, Equipo Infancia y Familia, Asociacións de lecer, Centros de saúde, Equipos de Saúde Mental Infanto Xuvenil, Equipos de Menores...etc.

b.- Materiais

- Material impreso
- Material psicopedagógico
- Textos e documentos oficiais do Centro (PEC, PCC, RRI...)
- TICs

V II.-METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento do plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte do profesorado.

O desenvolvemento das actividades estará baseado no traballo cooperativo estruturado en:

Reunións colectivas

Equipos docentes coas familias
Profesorado titor e familias
Xuntas de avaliación e Departamento de Orientación
Departamento de Orientación e Equipos Docentes
Claustro e Consello Escolar
Comisión de Coordinación Pedagóxica

Reunións individuais

Entre a Xefa do Departamento e os diferentes membros da comunidade educativa (profesorado titor, X. de Estudos, Equipo Directivo, familias, Servizos Sociais, Equipo de Infancia, Concellería de Familia...) a través de entrevistas para intercambios de información, pautas educativas a desenvolver, programas específicos...

As actividades de orientación académica e profesional serán impartidas polo profesorado titor nas horas adicadas a este fin baixo o asesoramento do departamento de orientación. A atención personalizada e individualizada será realizada pola orientadora.

VIII.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar as actividades levadas a cabo dende o departamento de orientación desenvolveráanse diferentes actividades:

- ▶ Grao de consecución dos obxectivos
- ▶ Valoración do profesorado da idoneidade das actividades realizadas (motivación, implicación do alumnado, actitudes manifestas...)
- ▶ Valoración dos recursos empregados e novas necesidades
- ▶ Operatividade da liña metodolóxica
- ▶ Nivel de cumprimento das actividades previstas
- ▶ Nivel de motivación acadado no desenvolvemento das actividades previstas
- ▶ Valoración da elaboración do PAT e grao de utilidade do mesmo para dar resposta ás necesidades detectadas
- ▶ O nivel e grao de adecuación das canles de coordinación establecidos
- ▶ Grao de acatamento das liñas comúns por tódolos titores e titoras
- ▶ A resolución satisfactoria das necesidades atopadas

Os resultados dese proceso servirán de retroalimentación na programación flexible de cada trimestre. A avaliación final ao remate de cada curso académico, proporcionará as directrices ou punto de partida para o próximo período escolar.

Vigo, 25 de outubro de 2018

Asdo. M. Hermelo Iglesias

X. D. Orientación

Asdo: Marco E. Veiga

O Director

